



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/17	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de abril de 2018
Duración	Desde as 19:59 ata as 20:35 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 17 de abril de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 17 de abril de 2018.

Expediente 1816/2018. Solicitude de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de 'Redemar SL', con enderezo na Retirosa, no que solicita un sinal de pasaxe permanente e pintado de liña amarela. A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido o día 12.04.2018, acorda acceder ao solicitado.

Expediente 1807/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 1807/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por N. L. B., con enderezo a efectos de notificacións en Baixada á Praia de Nerga, n° 26-O Hío-Cangas, para substitución de cerramento diáfono sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 11 de abril 2018 e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 21 de marzo de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil setecentos euros (2.700,00 €).

Expediente 1755/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 1755/18- Dase conta da comunicación previa presentada por J. M. P., para reformas interiores no primeiro andar sito no edificio da rúa Vilaboa, n° 4-Cangas, de conformidade coa documentación presentada o 9 de abril de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil oitocentos trinta e un euros con cincuenta céntimos (6831,50 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 1255/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1255/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. M. F., para reparación de muro de pedra (limpeza e encintado), sito no lugar de rúa da Capela 17-Vilariño-O Hío, de conformidade coa documentación presentada o 9 de marzo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a cento corenta euros (140,00 €).

Expediente 1809/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1809/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. R. Y. S., con enderezo a efectos de notificacións en rúa As Uchas, nº 27-Vilanova–O Hío, para reforma de vivenda unifamiliar existente, mediante a mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica e da distribución interior de edificación sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada pola arquitecta M. T. F. I. visada en data 10 de abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a vinte e seis mil catrocentos quince euros (26.415,00 €).

Expediente 1787/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1787/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. C. C., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa dos Píos, nº 9-Cangas, para formación de rampla de acceso a vivenda e substitución de pizarra por tella da cuberta en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto R. O. S. de data 11 de abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a seis mil trinta e dous euros con corenta e tres céntimos (6.032,43 €).

Expediente 1400/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1400/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por S. C. P., para construción de cerramento no lugar de Ramal do Paraíso, nº 27-Cima de Vila-Darbo, de conformidade coa documentación presentada o 15 de marzo e modificada o 2 de abril de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a trescentos un euros con corenta céntimos (301,40 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 1917/2018. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por J. R. E., por importe de trescentos trinta e catro euros con quince céntimos (334,15 €), para garantir a finalidade do expediente de obra nº 24.050, licenza nº 23.040.</p> <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo ao interesado.</p>	

Expediente 203/2018. Devolución de fianza ou cancelación de aval	
Desfavorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p><u>Primeiro.-</u> Non recoñecer a devolución do aval por importe de oitocentos corenta e dous euros con corenta e un céntimos (842,41 €), depositado pola empresa “ORONA S COOP LTDA”, para a execución do contrato de “Servizo de mantemento e conservación de ascensores e montacargas instalados en distintas dependencias municipais do Concello de Cangas”, posto que aínda non transcorreu o prazo de garantía de conformidade co disposto na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares e por figurar no expediente un informe de reparo aos servizos executados.</p> <p><u>Segundo.-</u> Requirir á empresa para que corrixa as deficiencias que constan no informe sobre o estado dos ascensores.</p> <p><u>Terceiro.-</u> Notificar este acordo á empresa interesada.</p>	

Expediente 4087/2017. Prestación do servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>PROPOSTA DE EXTINCIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR</p> <p>Vistos os informes de seguimento, o proxecto de intervención e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* A extinción do Servizo de Axuda no Fogar a R.M.T., beneficiaria pola quenda de libre concorrència con expediente nº 36008/01/001582, por darse as seguintes causas establecidas no artigo 8º da Ordenanza reguladora do SAF, e que se especifican de seguido:</p> <p>* A renuncia da persoa usuaria.</p>	

Expediente 1740/2017. Prestación do servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR A BAIXA a J.L.R.D.L.C., expediente nº 36008/02/001196, no Servizo de Axuda no Fogar, por superar os prazos máximos establecidos na ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar de suspensión temporal do servizo.

- Data de efectos da baixa: 1 de abril de 2018.

Expediente 446/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

DAR A BAIXA a P.F.P., expediente nº 36008/01/002331, do Servizo de Axuda no Fogar, por traslado da usuaria a outra comunidade autónoma.

Data de efectos da baixa: 2 de abril de 2018.

Expediente 1740/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a E.T.L., con expediente nº 36008/02/000301-61260, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: setecentos vinte e seis euros con sesenta céntimos (726,60 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: trescentos cincuenta e un euros con sesenta céntimos (351,60 €/mes).

Número de horas: 60 horas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de maio de 2018.

Expediente 2124/2017. Variacións no servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista da información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR A BAIXA a C.S.V., con expediente nº 36008/02/000989–52215 do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 4 de abril de 2018.

Expediente 1861/2018. Proposta de concesión do programa de “Xantar na casa”

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.M.S.V., con expediente nº 36008/01/00005, o Programa de xantar na casa, por reunir os requisitos establecidos para o acceso a este, cun custo para o Concello de prezo do menú: 1,67 euros/día.

- Data prevista de alta no Programa de xantar na casa: maio de 2018.

Expediente 1930/2018. Concesión de axuda de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución do xefe do Centro Municipal de Benestar Social de axuda económica de emerxencia social, que di:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E. G. G., xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)

En relación coa solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

* *Concesión de axuda económica de setecentos euros (700,00 €) a P.G.G.*

Expediente 1582/2017. Aprobación da conta xustificativa da axuda concedida ao Concello de Cangas para os servizos sociais comunitarios-2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía de data, referente a aprobación de conta xustificativa de axuda concedida para prestación dos servizos sociais do ano 2017, que di:

“APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA AO CONCELLO DE CANGAS PARA SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O ANO 2017

Con relación ao financiamento concedido pola Consellería de Política Social para o proxecto anual do 2017 de servizos sociais comunitarios, que é como segue:

<i>Persoal de Servizos Sociais:</i>	<i>141.348,00</i>
<i>Axuda no Fogar (P. Básica)</i>	<i>1.958,53</i>
<i>Axuda no Fogar (dependencia)</i>	<i>365.620,64</i>

Vista a documentación que consta no expediente referente aos gastos imputados a dito proxecto, están contabilizados dando cumprimento á finalidade do financiamento e da subvención concedida, propoño á Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida para a prestación dos servizos sociais do ano 2017, polo importe de un millón cento oitenta e nove mil setecentos noventa e cinco euros con vinte e catro céntimos (1.189.795,24 €), segundo o seguinte desglose:

<i>PERSOAL</i>	<i>379.223,21</i>
<i>Mantemento (desprazamentos)</i>	<i>95,89</i>
<i>AXUDA NO FOGAR (prestación básica)</i>	<i>24.090,41</i>
<i>AXUDA NO FOGAR (dependencia)</i>	<i>469.991,74</i>
<i>XESTION DE PROGRAMAS</i>	<i>316.393,99</i>

Segundo.- Facer constar que se cumpriu coa finalidade da axuda concedida e que todos os gastos que se xustifican se tomou razón na contabilidade”.

Expediente 4247/2017. Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para o programa do CIM 2017-2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía de data 19.04.2018, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para o programa do CIM 2017-2018, que di:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



“APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE CANGAS PARA O PROGRAMA DO CIM 2017-2018

Vista a documentación que consta no expediente da axuda concedida a esta entidade, polo importe total de trinta e un mil dez euros con noventa e sete céntimos (31.010,97 €) para o PROGRAMA CIM 2017-2018, concedida ao abeiro da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade de data do 16 de xuño de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria no ano 2017.

Visto que se tomou razón na contabilidade dos gastos imputables á actuación subvencionada e de conformidade coa documentación que consta no expediente deuse cumprimento á finalidade da axuda concedida.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa polo importe total de cincuenta e un mil trescentos setenta e oito euros con vinte nove céntimos (51.378,29 €) do PROGRAMA CIM 2017-2018 (do 01.04.2017 ao 31.03.2018).

Segundo.- Declarar que para esta mesma finalidade que se xustifica non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada, polo que o único importe que se vai percibir para este programa é o concedido a taraves da resolución mencionada.

Terceiro.- Declarar que se deu cumprimento coa finalidade da axuda concedida e os fondos se aplicaronse ao fin obxecto da subvención”.

Expediente 1510/2018. Solicitud de subvención á Consellería de Política Social para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais para o exercicio 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 19.04.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a solicitude de subvención á Consellería de Política Social para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais para o exercicio 2018, que é como segue:

“Solicitud de subvención á Consellería de Política Social para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais para o exercicio 2018.

O Diario Oficial de Galicia nº 63 de data 30 de marzo de 2012, publica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar a Consellería de Política Social a transferencia finalista para o



cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal correspondente ao ano 2018, regulada no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado é de setecentos noventa mil cincocentos cincuenta e un euros (790.551,00 €), co seguinte detalle:

- *Persoal: 159.533,00 €.*
- *Mantemento: 600,00 €.*
- *Axuda no fogar na modalidade de prestación básica plan concertado: 13.500,00 €.*
- *Axuda no fogar na modalidade persoas valoradas como dependentes: 435.918,00 €.*
- *Xestión de programas: 181.000,000 €.*
- *Investimento: 0 €.*

Que a aportación do Concello de Cangas será de cincocentos quince mil oitocentos noventa e un euros con oito céntimos (515.891,08 €), o que supón unha porcentaxe do 39,49% sobre o orzamento total do proxecto.

Segundo.- Facer constar que o Concello de Cangas para o exercicio 2018 ten consignada partida orzamentaria suficiente para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria.

Terceiro.- Declarar que para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria non recibe ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Declarar de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, nas mesmas condicións que no ano anterior.

Quinto.- Dar conta deste acordo no primeiro Pleno da Corporación Municipal que se realice.

Sexto.- Remitir o presente acordo á Consellería de Política Social, xunto coa documentación que menciona a orde de convocatoria”.

Expediente 927/2018. Proposta da a concelleira de desenvolvemento económico e emprego local relativa á transmisión efectiva do posto de peixe nº 57 do mercado municipal de abastos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimen
to

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 19.04.2018, da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión efectiva do posto nº 57 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos, que é como segue:

“ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 26.02.2018 foi autorizada a transmisión do posto de peixe nº 57 da Praza de Abastos solicitada por escrito de rexistro de entrada nº 1990



de 21.02.2018, do que era titular A. L. C., con enderezo a efectos de notificacións na Avenida de Vigo, nº 85-1ºD-36940-Cangas, a favor de A. L.R., con enderezo a efectos de notificacións no mesmo enderezo.

II.- Despois de serlle notificado o acordo anterior aos interesados, estes dentro do período previsto regulamentariamente para tal efecto comunican, mediante escrito con rexistro de entrada nº 3949 do 09.04.2018, que a transmisión se fixo efectiva en data 01.04.2018.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente, no seu artigo 31, dispón: '(...) Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal para todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto.'

SEGUNDA.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión, o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

TERCEIRA.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado, segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto de peixe nº 57 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que era titular A. L. C., a favor de A. L. R.

SEGUNDO.- Declarar que A. L. R., ten adquirida a concesión do posto de peixe nº 57 da Praza de Abastos, sendo o seu titular a todos os efectos e sucedendo ao anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería."

Expediente 1587/2018. Solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a promoción do uso da lingua galega-2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 17.04.2018 do concelleiro de cultura e normalización lingüística, referente a solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a promoción do uso da lingua galega-2018, que é como segue:

“PROPOSTA

Solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a promoción do uso da lingua galega-2018.

Vista no DOG nº 63 de data 2 de abril de 2018 a publicación da Orde do 16 marzo de 2016 de 2018 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (ED115A).

Reunindo os requisitos que se especifican na orde e co fin de consolidar o papel normalizador no uso do galego como principal lingua de traballo no propio Concello e na comunicación cos/coas veciños/veciñas, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de catro mil oitocentos setenta e seis euros con tres céntimos (4.876,03 €) (sen o IVE) para o desenvolvemento de dinamización lingüística para a promoción do uso da lingua galega, mediante as seguintes actividades e importes:

1.- 16 EDICIÓN CERTAME DE BANDA DESEÑADA CONCELLO DE CANGAS, cun orzamento de mil novecentos euros (1.900,00 €) (co IVE).

2.- CAMPAÑA DE FOMENTO DO USO DO GALEGO E PROMOCIÓN DA CULTURA GALEGA ENTRE AS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DE FESTAS POPULARES DO CONCELLO, cun orzamento de catro mil (4.000,00 €) (co IVE).

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Terceiro.- Declarar que para a edición do certame de banda e para a campaña do uso galego entre as comisións organizadoras de festas populares que se solicitan, o Concello de Cangas non solicitou ningunha outra axuda ou subvención”.

Expediente 1594/2018. Solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado-2018.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 17.04.2018 do concelleiro de cultura e normalización lingüística, referente a solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras e certames de artes escénicas e musicais de carácter



aficionado-2018, que é como segue:

“PROPOSTA

Solicitud de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter aficionado-2018.

Vista a publicación da Orde do 26 de febreiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter aficionado e se convocan para o ano 2018.

Visto que o Concello reúne as condicións que se estipulan na orde citada, redáctase polos técnicos municipais proxecto para a celebración do ‘V Festival Aturuxos ao Son da Ría’, cun orzamento total de cinco mil catrocentos oitenta e catro euros (5.484,00 €) e propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de tres mil cincocentos euros (3.500,00 €) para a celebración do ‘V FESTIVAL ATURUXOS AO SON DA RÍA’, cun orzamento total de cinco mil catrocentos oitenta e catro euros (5.484,00 €).

Segundo.- Declarar que o Concello de Cangas non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención e así mesmo, comprométese a comunicar cantas axudas, solicite e/ou obteña en réxime de mínimos doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data da declaración.

Terceiro.- Declarar que o Concello non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Cuarto.- Declarar estar ao día no papamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme co artigo 10.2.g) da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- Declarar que todas as actividades deste proxecto que se realicen terán carácter libre e gratuíto.

Sexto.- Acreditar a remisión da conta xeral do Concello do exercicio 2016 ao Consello de Contas”.

Expediente 7547/2017. Dación de conta de Sentenza nº 121/2018 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo recaída no procedemento DSP nº 991/2017 (Ref. X-17/17)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 19.04.2018, referente a Sentenza nº 121/2018 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, que indica o seguinte:

“Visto o contido da sentenza nº 121/2018 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, de data 6 de abril do ano que andamos, recaída no procedemento DSP 991/2017, seguido a instancia de C. O. M., co fallo que a seguir se reproduce:

*‘Que estimando en parte a demanda interposta por C. O. M., debo declarar e declaro improcedente o despido de que foi obxecto este con data 31 de outubro de 2017 por parte do Concello de Cangas, ao que condeno a que no prazo de cinco días desde a notificación desta resolución opte entre a readmisión do traballador ou aboarlle unha indemnización de novecentos dezaoto euros con setenta e dous céntimos (918,72 €), opción que deberá exercitar mediante escrito ou comparecencia perante a Secretaría deste Xulgado no prazo indicado e sen esperar á firmeza da presente sentenza, así como, a que no primeiro caso lle abone os salarios deixados de percibir desde a data do despido ata a notificación desta resolución, advertindo ao citado demandado que en caso de non optar no prazo e forma expresados entenderase que procede a readmisión, desestimando as demais pretensións deducidas fronte a dito demandado, das que o absolve e desestimando a demanda do actor fronte á Deputación de Pontevedra, á que absolve na instancia por acoller a falta de lexitimación pasiva por ela alegada, todo iso coa intervención procesal do Ministerio Fiscal.’
Esta sentenza non é firme.*

Visto que esta Alcaldía para dar cumprimento en prazo á opción prevista no fallo da sentenza adoptou o Decreto nº 2018-0586 do seguinte contido:

‘Visto o contido da sentenza nº 121/2018 de data 06.04.2018 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo recaída no procedemento DSP 991/2017, notificada a representación deste Concello no citado procedemento o 11.04.2018 e co fallo que a seguir se transcribe:

‘Que estimando en parte a demanda interposta por C. O. M., debo declarar e declaro improcedente o despido de que foi obxecto este con data 31 de outubro de 2017 por parte do Concello de Cangas, ao que condeno a que no prazo de cinco días desde a notificación desta resolución opte entre a readmisión do traballador ou aboarlle unha indemnización de novecentos dezaoto euros con setenta e dous céntimos (918,72 €), opción que deberá exercitar mediante escrito ou comparecencia perante a Secretaría deste Xulgado no prazo indicado e sen esperar á firmeza da presente sentenza, así como, a que no primeiro caso lle abone os salarios deixados de percibir desde a data do despido ata a notificación desta resolución, advertindo ao citado demandado que en caso de non optar no prazo e forma expresados entenderase que procede a readmisión, desestimando as demais pretensións deducidas fronte a dito demandado, das que o absolve e desestimando a demanda do actor fronte á Deputación de Pontevedra, á que absolve na instancia por acoller a falta de lexitimación pasiva por ela alegada, todo iso coa intervención procesal do Ministerio Fiscal.’

Considerando o disposto no artigo 56 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

En virtude das competencias que me outorga a lexislación vixente, en particular o disposto no artigo 21.1 apartados b, h) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

DISPOÑO



PRIMEIRO.- Optar como Concello de Cangas polo aboamento da indemnización prevista na sentenza nº 121/2018 de data 06.04.2018 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, recaída no procedemento DSP 991/2017.

SEGUNDO.- Dar traslado do contido da presente resolución á representación do Concello de Cangas no procedemento citado co fin de que, dentro do prazo outorgado no fallo da sentenza, proceda a comunicar esta opción ao xulgado no xeito indicado nesta.

TERCEIRO.- Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local conxuntamente coa referida sentenza.”

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 121/2018 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, de data 06.04.2018, recaída no procedemento DSP 991/2017, seguido a instancia de C. O. M. e do Decreto desta Alcaldía nº 2018-0586, de data 12/04/2018.

Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de novecentos dezaioito euros con setenta e dous céntimos (918,72 €), en concepto de indemnización a satisfacer a C. O. M., en cumprimento da sentenza citada con cargo aos orzamentos de gastos en vigor.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico”.

Expediente 7154/2017. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local para prórroga das licenzas municipais de venda ambulante ano 2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimen
to

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 23.04.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a prórroga de licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2018, que é como segue:

“PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2018

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013), no seu capítulo IV prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2017, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2018 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.



II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2018 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, propono a Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2018, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013), a:

- Ref: 95. F. A. J. F.
- Ref: 103. M. E. C. D.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de tesourería, estatística e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos



Concello de Cangas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850